

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 28 de outubro de 2025 pola que se dá publicidade da resolución de homologación das entidades provedoras para a prestación de servizos de ciberseguridade ás empresas galegas no marco do programa Empresa cibersegura 2025 (código de procedemento IG408P).

Mediante a Resolución do 30 de xullo de 2025 (DOG número 155, do 14 de agosto) publicouse o procedemento de homologación das entidades provedoras para a prestación de servizos de ciberseguridade ás empresas galegas no marco do programa Empresa cibersegura 2025 (código de procedemento IG408P).

As ditas bases establecen no seu artigo 14 que o anuncio da publicación do texto completo da resolución definitiva no enderezo <https://spiga-sede.igape.es> será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co artigo 45 da Lei 39/2015.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Anunciar a publicación do texto completo da Resolución definitiva do 27 de outubro de 2025 de homologación das entidades provedoras para a prestación de servizos de ciberseguridade ás empresas galegas no marco do programa Empresa cibersegura 2025 no enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas> e <https://spiga-sede.igape.es>

O texto completo da resolución non se publica no DOG na súa integridade en virtude da cautela prevista no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. A resolución definitiva do 27 de outubro de 2025 esgota a vía administrativa e contra ela poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Non obstante, poderá interpor previamente un recurso de reposición ante a persoa titular da



Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2025

Covadonga Toca Carús
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

CVE-DOG: znj9tyt2-arp5-s0s2-aqb4-byb5xj6udue0

